



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEDA

Aprobación inicial da Ordenanza reguladora das actividades extractivas de madeira

ANUNCIO

O Pleno deste Concello, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18 de xullo de 2013, acordou aprobar inicialmente a “Ordenanza reguladora das actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de Neda”.

De conformidade co previsto no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar dende o seguinte ao de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, aos efectos de que tódalas persoas interesadas poidan presentar as reclamacións e facer as suxestións que estimen pertinentes.

Rematado o período de exposición pública a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, resolvendo todas as reclamacións ou suxestións que se presentasen.

No caso de que durante dito prazo non se presente ningunha alegación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Neda, 24 de setembro de 2013.

O Alcalde,

Asdo.: José Ignacio Cabezón Lorenzo.

2013/12249